

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DO SOCIAL NÚMERO 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA***EDICTO (1248/2010).*

M^a Teresa Vázquez Abades, secretaria xudicial do Xulgado do Social número 1 de Santiago de Compostela, fago saber que no procedemento ordinario 1248/2010 deste xulgado do social, seguido por instancia de Francisco J. Sánchez Triñanes contra a empresa Exfoga, S.L., Brauron, S.L., Mabarza, S.L. e o Fondo de Garantía Salarial, sobre ordinario, ditouse a seguinte resolución:

«Que, estimando integramente a demanda interposta por Francisco José Sánchez Triñanes, contra Exfoga, S.L., Brauron, S.L. e Mabarza, S.L., debo declarar e declaro que as mercantís demandadas lle deben ao demandante a suma de oito mil catrocentos seis euros con trinta e oito céntimos (8.406,38 €) e, en consecuencia, debo condenar e condeno as mercantís demandadas a que lle aboen solidariamente ao demandante, coa responsabilidade subsidiaria do Fogasa nos termos dos artigos 33 do ET, a suma de oito mil catrocentos seis euros con trinta e oito céntimos (8.406,38 €) en concepto de salarios, máis os xuros por mora previstos no artigo 29.3 do ET respecto da dita cantidade, con todos os efectos legais inherentes á dita declaración.

Notifíquese ás partes e ao Fogasa a presente resolución facéndolles saber que fronte a ela cabe recurso de suplicación para ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de cinco días contados desde o seguinte ao da súa notificación.

A anterior resolución entregárase ao secretario para a súa custodia e incorporación ao libro de sentenzas. Insírase nas actuacións por medio de testemuño.

Por esta miña sentenza, xulgando definitivamente na primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación en legal forma ás entidades Exfoga, S.L., Brauron, S.L. e Mabarza, S.L., en paradiro descoñecido, insiro o presente edicto no *Diario Oficial de Galicia*.

Advérteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial, salvo o suposto da



comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2013

A secretaria xudicial

